

Bases da convocatoria dos XVII PREMIOS Á EXCELENCIA MUSICAL MANS FUTURO 2022

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Fundación Paideia Galiza, titular dos Estudios MANS, (no sucesivo, a Organización), promoven os **XVII PREMIOS Á EXCELENCIA MUSICAL MANS FUTURO 2022** que teñen como obxectivo o recoñecemento do esforzo e posta en valor dos méritos dos artistas noveis que veñan de rematar os estudos de música nos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia servindo, asemade, como proxección destes artistas, recollendo o seu traballo coa gravación e promoción dun traballo discográfico.

Os **XVII PREMIOS Á EXCELENCIA MUSICAL MANS FUTURO 2022** rexeranse polas seguintes bases:

1. PARTICIPANTES

Poderán ser participantes na convocatoria dos premios o alumnado dos conservatorios superiores da Coruña e Vigo que cumpra o requisito de ter acadado a cualificación de sobresaínte ou matrícula de honra no traballo de fin de estudos na especialidade de interpretación no ano académico 2021-2022 ou no ano anterior, e que non participara en edicións anteriores destes premios co mesmo instrumento.

2. DESENVOLVEMENTO DOS PREMIOS

O alumnado que desexe optar a estes premios deberá presentar unha copia dunha gravación de vídeo, en formato AVI ou MPEG, en soporte DVD no que o aspirante interprete, co acompañamento que precise, se é o caso, tres pezas (obras ou fragmentos da obra) de diferentes estilos, dunha dificultade acorde co nivel destas ensinanzas, cunha duración máxima de 25 minutos, entre as tres pezas (non se admitirán duracións superiores aos 25 minutos entre as tres pezas). O/a alumno/a deberá especificar os títulos e autores das pezas que interpreta tanto na solicitude como no soporte, respectando a orde de interpretación. O alumnado unicamente se poderá presentar como candidato de xeito individual realizando a interpretación como solista, con acompañamento da agrupación que precise, se é o caso.

O repertorio que integre o Programa a executar será elixido polo participante, tendo en conta que, no caso de tratarse de obras que non sexan de dominio público, os posibles custos derivados do aboamento de dereitos de autor ou calquera outro que poida derivarse deberán ser asumidos a súa costa.

O alumnado poderá realizar unha toma disinta para cada peza, incluso poderá realizar unha toma distinta para cada movemento de cada peza, pero sempre realizando unha interpretación continua de cada movemento.

Un tribunal cualificador será o encargado de valorar os repertorios interpretados e seleccionar os premiados.

3. FORMA E PRAZO DE INSCRICIÓN

O alumnado que estea en situación de cumprir os requisitos recollidos no punto 1 destas bases recibirá información por correo electrónico sobre o procedemento no mes **de setembro de 2022**. Os interesados deberán cubrir o formulario de solicitude que se lles

facilitará a través de correo electrónico, e deberán remitilo á Dirección Xeral Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia nos prazos que se indiquen.

O prazo para a inscrición dos participantes será ata **o xoves 22 de setembro de 2022 ás 14:00 horas**. Non se admitirá ningunha solicitude presentada fóra de prazo. A solicitude, así como a copia da gravación, deberán enviarse de xeito que conste de maneira expresa a data do envío.

A participación na convocatoria supón a enteira aceptación das presentes bases e condicións, así como a submisión expresa dos participantes ás decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organización ou as modificacións que poida introducir, se o cree necesario, para o bo funcionamento da convocatoria dos premios.

En caso dunha ampla demanda de solicitudes, a Organización resérvase o dereito a constituír un tribunal previo de selección dos candidatos composto por profesionais de recoñecido prestixio designado de común acordo entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Fundación Paideia Galiza.

4. PREMIOS

No marco da presente convocatoria, a Organización outorgará tres premios, coa seguinte distribución:

- Primeiro premio
- E dúas (2) mencións de honra

O primeiro premio terá dereito a gravación discográfica, mestura, edición e masterización dun CD en sistema de gravación a disco duro en HD 3 de ProTools, cunha duración máxima de 45 minutos, nos Estudios Mans na Coruña.

O resto dos premiados terán dereito á gravación, mestura, edición e masterización dunha maqueta en sistema de gravación a disco duro en HD 3 de ProTools, cunha duración máxima de vinte e cinco (25) minutos por alumno/a, nos Estudios Mans na Coruña.

Cada alumno/a premiado/a terá dereito á gravación dun vídeo de falso directo nos Estudios Mans, cunha duración máxima de tres (3) minutos. O vídeo gravarase na mesma xornada da gravación do repertorio.

5. CONDICIÓN DO PREMIO

As gravacións terán lugar nunha sesión de entre tres e seis horas de duración, e a edición do CD nunha sesión de máximo seis horas de duración, sen prexuízo de que poida levarse a cabo de maneira non presencial.

As datas da gravación e edición determinaranse entre os premiados e o Estudio de Gravación, dentro do prazo de tres meses seguintes á designación dos premiados, e a súa publicación oficial, sen prexuízo de que poida verse ampliado segundo dispoñibilidade dos Estudios Mans. Na gravación poderán estar dous acompañantes do premiado como máximo.

As dietas e custos de desprazamento ao estudo de gravación, deberán ser asumidos polos premiados.

No caso do primeiro premio, tras a gravación, a Organización procederá a realizar os trámites pertinentes para levar a cabo o Depósito Legal da obra. Na dotación do premio, non se inclúen as taxas ou canons que correspondan a tramitación dos dereitos das pezas a gravar, e en particular, os relativos aos dereitos de autor ou calquera outro percibido pola gravación. De existir estes gastos deberán ser asumidos polo premiado/a.

O deseño e maquetación do CD e do folleto interior será facilitado pola Organización, podendo o premiado realizar cambios de fotografía e de textos, pero non no deseño base.

Para isto, o/a premiado/a disporá unha vez gravado o CD dun prazo de 10 días naturais para enviar os textos e unha foto para a súa inclusión na portada e folleto, sempre e cando se reciban en formato e calidade que se indique. A non remisión dos textos e fotos indicados polo premiado no prazo sinalado, implicará a súa renuncia ao premio e non se procederá á edición do CD.

Desde o envío ao/á premiado/a da maquetaxe do deseño do CD, este contará cun novo prazo de 10 días naturais para a súa revisión e para solicitar, no seu caso, a inclusión de posibles cambios (unha soa vez) ou mostrar a súa conformidade ao deseño con carácter previo ao seu envío á imprenta.

Transcorrido o prazo indicado sen que o/a premiado/a se manifestase respecto a este extremo, entenderase que mostra a súa conformidade co deseño remitido e facultará á Organización para continuar cos trámites pertinentes para a edición do CD.

O/A gañador/a do primeiro premio terá dereito á edición de 300 exemplares do CD gravado.

Os premios relativos ás mencións de honra non conlevan a edición en CD nin a entrega de copias. As maquetas gravadas serán entregadas en soporte dixital.

6. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará integrado por:

- a) A persoa responsable da Dirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que será o/a seu/súa presidente/a.
- b) Vogais: tres vogais que serán especialistas no ámbito da música, designados pola Dirección Xeral de Formación Profesional.
- c) Un/unha asesor/a de ensinanzas artísticas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actuará como secretario/a do tribunal.

As súas deliberacións serán secretas e deberán redactarse nunha acta, subscrita polo Secretario co visto bo do Presidente e dos demais membros do tribunal.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os premios concederanse en réxime de concorrencia competitiva. O tribunal terá en conta os seguintes criterios de valoración: nivel e dominio técnico, calidade e madureza artística, capacidade comunicativa e significatividade do repertorio presentado.

O tribunal cualificador poderá declarar deserto algún dos premios.

8. PRAZO DE CONCESIÓN E ENTREGA DOS PREMIOS

O resultado final e a asignación dos premios determinarase nunha acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios, reflectindo as puntuacións obtidas e elevarase a proposta feita polo tribunal cualificador ao conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que emitirá a correspondente orde de adxudicación.

Tras isto, a adxudicación dos premios será comunicada nos días posteriores a través de comunicación directa aos premiados por correo postal, así como por correo electrónico a calquera das contas de correo electrónico comunicadas polos participantes.

Ademais, a adxudicación dos premios será publicada nas páxinas web da Fundación Paideia Galiza www.paideia.es e www.estudiosmans.com e tamén no apartado de anuncios do portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal.

Será condición necesaria para a obtención dos premios que os premiados acepten expresamente a recepción do premio en resposta ao correo electrónico que se remita ao efecto.

Se calquera dos premiados desistise do premio ou da gravación correspondente, os premios outorgaranse conservando a prelación establecida polo tribunal.

No caso de que a Organización celebre un acto oficial de entrega e recepción dos traballos discográficos en Estudios Mans, os premiados poderán asistir asumindo todos os gastos derivados do mesmo (viaxe, aloxamento, manutención,...).

No caso de que a recepción dos traballos discográficos teña lugar nun lugar distinto do Estudio de Gravación, a solicitude do premiado, este asumirá os custos de envío ao lugar designado ao efecto por ela.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os participantes que resulten premiados aceptan e autorizan a que os seus nomes e premios obtidos poidan aparecer mencionados nas páxinas web das entidades organizadoras, ou en calquera outro soporte comercial, publicitario ou medio de comunicación que poida utilizarse a fin de informar e facer público o resultado da convocatoria. Así mesmo, os/as gañadores/as dos premios, ao recibilos e aceptalos, comprométese, no caso de que así fora requirido pola Organización, a facilitar unha imaxe persoal e/ou que se lles realice unha ou varias fotografías co fin único de dar publicidade ao citado Premio. No caso de que algún dos participantes sexa menor de idade requirirase a autorización dos titores legais. Así mesmo, a Organización

resérvase o dereito á difusión das gravacións realizadas, sempre e cando estea vinculado á difusión do Premio.

En cumprimento do establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos e na Lei 34/2002, de 11 de xullo, de Servizos da sociedade da información e comercio electrónico e demais disposicións ditadas no seu desenvolvemento, infórmase aos participantes que os datos persoais obtidos no marco da presente convocatoria serán recollidos pola Fundación Paideia Galiza, ou a través doutras entidades que leven a cabo a xestión ou tramitación dos datos (encargado do tratamento), e incorporaranse ao correspondente ficheiro automatizado da Fundación Paideia Galiza "*Certames e concursos*".

Os seus datos serán utilizados para a xestión administrativa e comercial da convocatoria. Como usuarios poderán en calquera momento exercer de maneira gratuíta os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, indicándoo á Fundación Paideia Galiza, coa referencia "*MANS FUTURO 2022*", que é a estes efectos o Responsable do Tratamento de Datos (CIF G-15798655, con domicilio na Praza de María Pita, 17, 15001 A Coruña, teléfono 981 22 39 27, número de fax 981 22 46 59 e correo electrónico lopd@mans-paideia.com). A estes efectos, deberá identificarse mediante a achega de fotocopia do seu D.N.I.